

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE XUÑO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 20 de xuño de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 15 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D^a. Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude (asiste aos puntos 2, 6 e 10)
D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña, xefe do Servizo de Patrimonio (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos e emenda, se procede

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo (9.498-336)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Infórmase que na Plataforma de Contratos do Sector Público constan dúas proposicións presentadas por XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. os días 14 e 16 de xuño de 2022. Consta así mesmo, escrito presentado polo citado licitador a través do Rexistro Xeral (documento nº 220131601) no que solicita a retirada da primeira oferta e que se teña por presentada a segunda.

Así mesmo, segundo se indica no certificado do Rexistro Xeral, con data do 15 de xuño de 2022 (documento nº 220130379) BARAFUNDA, S.L. presenta unha oferta descifrada para o lote 1 que permite coñecer o seu contido antes do correspondente acto de apertura,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:22	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAA4C-5A2H23-315H57-XCKKNN-CQ63WF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

motivo de non admisión recollido na cláusula 14.1 do PCAP.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Non admitir neste procedemento a BARAFUNDA, S.L. (lote 1) por presentar unha oferta descifrada que permite coñecer o seu contido antes do correspondente acto de apertura, motivo de non admisión recollido na cláusula 14.1 do PCAP.
- b) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
 2. XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 4)
 3. ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. (lotes 1, 2, 3 e 4)
 4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMACIÓN OCIO Y DEPORTE, S.L. (EXODEGA) (lotes 2, 3 e 4)
 5. NASCOR FORMACIÓN, S.L.U. (lotes 1, 2, 3 e 4)

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo (9.498-336)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Lote	Prezo sen IVE	Achega de bolsas ou mochilas con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes (si/non)	Achega de gorras con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes	Unha persoa con formación específica en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con NEE, se os houberse (si/non)	Monitores con formación específica en igualdade (nº)
1	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 3)	1	24.702,83	si	non	non	26
		2	14.571,00	si	non	non	6
		3	16.250,00	si	non	non	6
2	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 4)	4	9.083,63	si	si	si	3
3	ALVALOP SERVICIOS	1	23.810,00	si	si	si	100%





Licitador	Lote	Prezo sen IVE	Achega de bolsas ou mochilas con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes (si/non)	Achega de gorras con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes	Unha persoa con formación específica en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con NEE, se os houberse (si/non)	Monitores con formación específica en igualdade (nº)
XXI, S.L. (lotes 1, 2, 3 e 4)	2	13.810,00	si	si	si	100%
	3	15.910,00	si	si	si	100%
	4	10.610,00	si	si	si	100%
4 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMACIÓN OCIO Y DEPORTE, S.L. (EXODEGA) (lotes 2, 3 e 4)	2	12.510,00	si	si	non	non
	3	14.010,00	si	si	si	non
	4	10.450,00	si	si	non	non
5 NASCOR FORMACIÓN, S.L.U. (lotes 1, 2, 3 e 4)	1	23.964,92	non	non	si	10
	2	13.886,16	non	non	si	5
	3	15.456,80	non	non	si	5
	4	10.705,93	non	non	si	4

Non asiste público á apertura.

Dos anteriores licitadores só XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 4) achega a documentación acreditativa esixida no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Na mesma sesión entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 20 de xuño de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolle/s un prazo de dos días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 4)
2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMACIÓN OCIO Y DEPORTE, S.L. (EXODEGA) (lotes 2 e 3)

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo



(9.498-336)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto anterior iniciar o procedemento do artigo 149 da LCSP con dous dos licitadores.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo (21.007-240)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación urxente, dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autonomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 19.05.2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.05.2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de CATROCENTOS CUARENTA MIL EUROS (440.000 eur), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 9200.2240000 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:22	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAA4C-5A2H23-315H57-XCKKNN-CQ63WF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Anualidades	Importe
2022	220.000,00 €
2023	220.000,00 €
TOTAL	440.000,00 €

Quinto.- *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	86,46
2	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	81,89

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978), para que presente, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP ("certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acreditativa da súa inscrición no Rexistro administrativo especial previsto no artigo 40 da Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras").*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, o día 10 de xuño de 2022, que presenta a documentación requirida o 17 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:22	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAA4C-5A2H23-315H57-XCKKNN-CQ63WF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 9 de xuño de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978) o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240) coas seguintes condicións:

- A prima anual do seguro é por importe de 384.447,61 euros (exenta de IVE).

- Propón unha redución do importe da franquía sobre o mínimo establecido na cláusula 10 do PPT de 4.000,00 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:22	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAA4C-5A2H23-315H57-XCKKNN-CQ63WF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Propón un incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 8 do PPT:

Límite/Sublímite	Incremento
Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial xeral	2.000.000,00 €
Límite por sinistro na responsabilidade civil patronal e cruzada	2.000.000,00 €
Sublímite por vítima na responsabilidade civil patronal e cruzada	200.000,00 €
Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial profesional	2.000.000,00 €
Límite por sinistro e anualidade establecidos para prexuízos patrimoniais puros	100.000,00 €
Límite por sinistro e anualidade establecidos para a responsabilidade civil locativa	300.000,00 €

- Comprométese a inclusión da garantía ou cobertura da Responsabilidade civil de produtos/post-traballos, nas condicións e termos sinalados no punto 5.6 do PPT: si.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:25 horas, logo dun receso entre as 10:25 e as 14:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

